

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

22º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ASISTENCIAS E ESTANCIAS NA GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL DE CAMBADOS E LUDOTECA NOS MESES DE VERÁN.-**ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.**

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa por asistencia e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán (xullo e agosto).

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa que se establece, a prestación dos servizos por asistencia e estancia na Gardería Infantil Municipal e ludoteca de verán.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da presente Ordenanza.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

GARDERÍA	
RENDA PER CAPITA MENSUAL	COTA MENSUAL
Familias con renda inferior ó 30% do IPREM.	Exentas
Familias con renda entre o 30% e o 50% do IPREM	Exentas
COMEDOR	16,50 €
Familias con renda entre o 50% e o 75% do IPREM	33 €
COMEDOR	16,50 €
Familias con renda entre o 75% e o 100% do IPREM.	66 €
COMEDOR	25 €
Familias con renda entre o 100% e o 125% do IPREM.	106 €
COMEDOR	35 €
Familias con renda entre o 125% e o 150% do IPREM.	126 €
COMEDOR	50 €
Familias con renda entre o 150% e o 200% do IPREM.	139 €
COMEDOR	60 €
Familias con renda superior ó 200% do IPREM.	160 €
COMEDOR	70 €

<i>SERVICIOS COMPLEMENTARIOS:</i>	
Horario ampliado/ 1 hora	20 €
<i>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (PARA NENOS DE 3 A 6 ANOS DOS COLEXIOS PRÓXIMOS)</i>	
- Cota mensual	51,35 €
- Comedor	41,10 €
- Recollida no colexio	10,30 €
<i>LUDOTECA (DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO)</i>	
- Cota mensual	60,00 €
- Comedor	60,00 €

ARTIGO 6º. – BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei, ou deriven de tratados ou acordos internacionais, sen prexuízo da aplicación das reducións que se contemplan na Tarifa anexa.

ARTIGO 7º. – PERCEPCIÓN.

Percibirase a taxa á que se contrae esta Ordenanza, coa prestación dos servizos relativos á estancia de nenos na Gardería Infantil, que se especifican na tarifa correspondente, incluíndose na mesma o importe da manutención que se preste na Gardería.

ARTIGO 8º. – LIQUIDACIÓN.

A liquidación da taxa a percibir vén determinada polos servizos que se presten e, en todo caso, de acordo coas cantidades ou contías que figuran na tarifa, confeccionada tendo en conta a renda mensual por membro da unidade familiar.

A referida liquidación practicarase unha vez efectuado o servizo e, en todo caso, con periodicidade mensual.

ARTIGO 9º. – INFRACCIÓNS E SANCIONES.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa do seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**23º. – ORDENANZA REGULADORA DA TAXA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA
DA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.**

CAPÍTULO I. – DISPOSICIÓN XERAIS.

ARTIGO 1º. – OBXECTO.

1. – A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación da concesión e renovación das licencias administrativas para tenza de animais potencialmente perigosos, a regulación do rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, e a determinación das taxas pola presentación destes servizos.
2. – Asemade, crease a Sección Local do rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC), que conterà a información referente ós animais de compañía residentes no concello, que se remita desde o REGIAC.